



MEMORIA GRÁFICA DO PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA 2022/23

EQUIPA DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



CPI Plurilingüe
Antonio Orza Couto

Avaliación da situación sociolingüística co profesorado, alumnado e familias

Enquisa lingüística sobre o alumnado de Infantil e primeiro ciclo de Ed. Primaria

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega facilita este formulario ao profesorado de Infantil e primeiro ciclo de Ed. Primaria co obxectivo de atinxir un coñecemento axustado dos usos lingüísticos do alumnado no centro. Esta fase, de diagnose, é fundamental para poder deseñar unha intervención educativa adaptada ao contexto sociolingüístico existente, garantindo unha mellora no uso e competencia lingüística do estudantado.

A seguir achégase información básica para preencher o formulario:

Quen debe cubrir este formulario? O docente titor.

Que usos lingüísticos teño que levar en conta no meu alumnado?

Fundamentalmente os que se dan de maneira espontánea entre iguais, nun contexto de lecer ou de situacións de aprendizaxe cooperativas, non mediadas por unha pauta lingüística dada polo docente.

Que respondo no caso de que se utilicen diversas linguas? Débese atender ao nivel de frecuencia, tendo que escoller entre as seguintes opcións: só galego, máis galego que castelán, só castelán ou máis castelán que galego, de acordo ao criterio establecido polo Instituto Galego de Estatística.

Do mesmo modo, tomamos como referencia a seguinte bibliografía:

Enquisa lingüística para o alumnado de segundo e terceiro ciclo de Ed. Primaria

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega facilita este formulario ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de Ed. Primaria para poder desenvolver iniciativas educativas que incidan positivamente no uso e competencia da lingua galega.

Quen debe cubrir este formulario? O alumnado do primeiro e segundo ciclo de Ed. Primaria coa axuda das titoras.

Para colaborares, **debes seguir os seguintes consellos:**

1. Escolle o teu **nivel**.
2. Escribe o teu **nome e apelidos**.
3. **Responde, honestamente, ás seguintes preguntas** (leva en conta que non existe unha resposta correcta, só aquela que mellor se axusta aos teus hábitos lingüísticos).
4. **Se non comprenderes algunha pregunta, pide axuda ao teu titor/a** para esclarecer as túas dúbidas.

Avaliación da situación sociolingüística co profesorado, alumnado e familias

Enquisa lingüística para o alumnado da ESO

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega facilita este formulario ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de Ed. Primaria para poder desenvolver iniciativas educativas que incidan positivamente no uso e competencia da lingua galega.

Quen debe cubrir este formulario? O alumnado da ESO, coa axuda das titoras/es se for preciso.

Para axudares, **debes seguir os seguintes consellos:**

1. Escolle o teu **nivel**.
2. Escribe o teu **nome e apelidos**.
3. **Responde, honestamente, ás seguintes preguntas** (leva en conta que non existe unha resposta correcta, só aquela que mellor se axusta aos teus hábitos lingüísticos).
4. **Se non comprenderes algunha pregunta, pide axuda ao teu titor/a** para esclarecer as túas dúbidas.

Enquisa lingüística de avaliación competencial e actitudinal do profesorado

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega facilita este formulario, de carácter anónimo, ao profesorado co obxectivo de atinxir un coñecemento axustado dos seus usos, competencias e actitudes lingüísticas. A aplicación desta enquisa constitúe unha parte esencial da fase de diagnose no proceso de actualización do Proxecto anual de fomento da lingua galega e do deseño do proxecto interdisciplinario de Aprendizaxe-Servizo para a normalización lingüística e a dinamización socio-cultural a través do patrimonio musical galego: Musigaliza-te. Grazas á información obtida, procederemos ao deseño e implementación de intervencións educativas adaptadas ao contexto sociolingüístico existente, procurando unha mellora nos usos e competencias en lingua galega, partindo do paradigma do multilingüismo aditivo e da ecoloxía das linguas.

É aconsellábel que siga os seguintes pasos:

1. Escolla a **etapa** na que desenvolve o seu traballo docente.
2. **Responda, honestamente, ás seguintes preguntas** (leve en conta que non existe unha resposta correcta, só aquela que mellor se axusta aos seus hábitos lingüísticos).
3. **Se tiver algunha dúbida, contacte co coordinador de Normalización e Dinamización da Lingua Galega** (endlorzacouto@gmail.com).

Avaliación da situación sociolingüística co profesorado, alumnado e familias



Enquisa lingüística para os pais e nais do alumnado de Infantil e do 1.º e 2.º ciclo de Primaria

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega facilita este formulario ás familias co obxectivo de mellorar a nosa intervención educativa no ámbito lingüístico.

É preciso que siga os seguintes pasos:

- 1. Seleccione a idade e o curso** do seu fillo/a.
- 2. Responda, honestamente, ás seguintes preguntas** (leve en conta que non existe unha resposta correcta, só aquela que mellor se axusta aos seus hábitos lingüísticos).
- 3. Se tiver algunha dúbida, contacte co coordinador de Normalización e Dinamización da Lingua Galega** (endlorzacouto@gmail.com).



SAMAÍN: PERSONAXES MÍTICOS GALEGOS



- Exposición de personaxes míticos galegos.
- Actividades de expresión artística e recoñecemento dos personaxes.
- Adquisición de bibliografía vinculada coa temática



SAMAÍN: PERSONAXES MÍTICOS GALEGOS



SAMAÍN: PERSONAXES MÍTICOS GALEGOS



RECIBIMIENTO E DIVULGACIÓN DO APALPADOR



GUÍA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA O PROFESORADO

Como normalizar e dinamizar o galego en primaria



1.) GALEGO: A LINGUA AMBIENTAL DO CENTRO E DA TÚA SALA DE AULAS

O que non se ve non existe! Pero a é o resultado dos factores e a forma á que tes pensado en forma de coñecemento en lingua gallega.

2.) CONVERSA EN GALEGO CO ALUMNADO E FAMILIAS

A lingua da administración educativa é o galego. Co mo funcionario a/o podes acudir a prexectivos e idades a papeira a O.G. ou, até bó ról coa súa familia e a comunidade.



3.) UTILIZA PRODUTOS CULTURAIS EN GALEGO

Nos vídeos que proxectas, no foro da lectura, nas actividades en fóra do centro, nos rituais de comunidade (jogos, cancións...) e na aprendizaxe do feito lingüístico, entre outros. Aparece, traballa, en recursos da biblioteca!

4.) REFORZA A AUTOESTIMA LINGÜÍSTICA

O aprendiz do idioma vai acompañalo o do sentir da comunidade dos seus falantes e dos que como patrimonio común o refiren. Utiliza comentarios meta-lingüísticos: "que bonito é falar gallega".



5.) TRATA OS PREXUÍZOS E EXPLICA AS CAUSAS

As gallegas/os, no longo da historia, padecemos prexuízos, coñecidos e descoñecidos por utilizar o noso idioma. Isto deu lugar a prexuízos como falto de utilidade, falto de coñecemento, pobreza... Non caes que é o noso modo de expresar o!

RECURSOS EDUCATIVOS EN LINGUA GALEGA

OOO Filmes e O Galego: Canle de vídeos. Procurar no YouTube.
Filmes infantís en galego. No Google Drive. Co resea-act Filmes galegos all.com e o audiovisual: No OCI no noso lego/25
Anúas O Galego. Recursos didácticos (só en gallega.org)
Portal da Lingua gallega. Recursos didácticos (www.lingua.gal)
Dialo xente (academica.gal/diálogo - en gallega.org)



6.) TRABALLEMOS COLABORATIVAMENTE

Inglorificámonos e atraída a outros a unha tarefa esperanzadora: a conservación da nosa lingua.

7.) COIDEMOS OS ESPAZOS FÓRA DA AULA

Falamos galego en gardas, comedores, a consorcio, no comedor e nas actividades extraescolares... Fagamos do galego, como lingua propia, a lingua habitual.



8.) REFLEXIONEMOS SOBRE A RIQUEZA LINGÜÍSTICA

As falamos galego defendamos a rica diversidade lingüística do planeta. Entendamos a nosa como unha causa global.



9.) COÑEZAMOS A ECOLINGÜÍSTICA

Así como a súa conexión coa lotta pola preservación da biodiversidade no planeta.



10.) DESENVOLVAMOS PROXECTOS INTERLINGÜÍSTICOS

A partir do galego, abrimos ao plurilingüismo sempre desde a lingua propia.

11.) INTERESÉMONOS POLA HISTORIA DOUTRAS LINGUAS

Adeguámonos á sociolingüística desde todas as linguas.



12.) APROVEITEMOS OS RECURSOS DA LUSOFONÍA!

O galego é unha lingua internacional falada por máis de 250 millóns de persoas no mundo. Aproveita os ricos e variados recursos que produce esta grande comunidade lingüística.

Repositorio de filmes en galego

Acceso rápido



Harry.Potter.III.e.o.Pres...
You opened in the past month



Polar.Express.(DVBRip.g...
You opened in the past month

Nome ↓

Filmes Secundaria

Filmes Primaria

Filmes Infantil



GUÍA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA FAMILIAS NON GALEGOFALANTES

GUÍA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA FAMILIAS NO GALEGOFALANTES

Como en muchos lugares del mundo, en nuestro País tenemos dos lenguas en contacto y ello supone una fuente excepcional de oportunidades

1. ¿QUÉ VENTAJAS TENDRÁN MIS HIJAS E HIJOS SI LLEGAN A SER BILINGÜES?

Si aprenden y utilizan las dos lenguas, podrán participar en más de una cultura, conseguirán desarrollar más la inteligencia, la creatividad y la sensibilidad comunicativa y, además, reforzarán la personalidad y la autoestima. El gallego, asimismo, les abrirá las puertas a la lusofonía: una comunidad lingüística de más de 250 millones de hablantes.

2. NO HABLAMOS GALLEGO. ¿CÓMO PODEMOS AYUDAR A NUESTROS HIJOS E HIJAS A SER BILINGÜES?

Cuanto menos gallego tengan en casa, más necesitarán fuera de ella. El niño/la niña crece y se educa por medio del juego. Ofrecedles oportunidades para usar el idioma fuera de la escuela: podéis aprender canciones y juegos en gallego y transmitirlos a vuestras hijas e hijos, pedir a las personas gallegohablantes de vuestro entorno que les hablen, contratar para su cuidado a alguien que lo sepa... Una actitud sensible debe llevarnos a facilitar a los niños y niñas la posibilidad de desarrollar su ocio en gallego, bien aprovechando las opciones de las que podamos disponer, o bien buscando, exigiendo una oferta lo suficientemente amplia como para poder satisfacer sus necesidades. Lo que es un derecho, es también una necesidad para nuestros hijos e hijas. Sólo si tienen una experiencia continuada con la segunda lengua, serán bilingües.

3. ¿PUEDO APRENDER GALLEGO AL MISMO TIEMPO QUE MIS HIJOS E HIJAS?

Hay muchos ejemplos de madres y padres que han aprendido gallego, ayúdolos hablar a los hijos e hijas. El ejemplo más común es el del padre o la madre que asiste a clases de gallego justamente al tiempo del nacimiento o la primera etapa escolar del niño o la niña. A este respecto, conviene saber que la Escuela Oficial de Idiomas ofrece una formación de gran calidad a precios asequibles.



4. EL APRENDIZAJE DE UN SEGUNDO O TERCER IDIOMA, ¿CAUSARÁ PROBLEMAS EN EL DESARROLLO DEL PRIMERO?

La respuesta es NO. Las numerosas investigaciones científicas realizadas en ese sentido indican que llegar a ser bilingüe favorece la adquisición del lenguaje y es beneficioso incluso para el primer idioma. En ese sentido, el segundo (tercer) idioma no sólo no interfiere con el primero, sino que proporciona a la persona mayores oportunidades de pensamiento y razonamiento, así como ventajas sociales, culturales, e incluso, más adelante, laborales.

5. NO HABLO MUY BIEN GALLEGO. ¿DEBO HABLARLO CON MIS HIJOS E HIJAS?

Si sabes algo de gallego, utilízalo en las situaciones en que te sientas capaz. Ello les hará ver que valoras el gallego y que lo utilizas en la medida de tus posibilidades. Ahora bien, el contexto y la capacidad lingüística deben determinar el uso de una u otra lengua en cada situación. En el proceso de formación la lengua de relación entre padres / madres e hijos / hijas no debe impedir la transmisión de los valores éticos y culturales que irán formando su personalidad y su mundo simbólico interior.

6. TENGO DIFICULTADES PARA QUE ME HABLEN EN GALLEGO AL SER CASTELLANOPARLANTE. ¿QUÉ PUEDO HACER?

La lengua gallega es una lengua minorizada, es decir, no cuenta con las mismas oportunidades que la castellana para desarrollarse plenamente. A lo largo de la Historia, nuestra comunidad lingüística ha sido discriminada por hablarla y esto ha supuesto el abandono por una parte de la sociedad, así como la pervivencia de prejuicios sociales hacia su uso. Es probable que, al iniciar una conversación en castellano, el interlocutor se adapte a la misma, por lo que es importante indicar explícitamente que utilice el gallego para aumentar la exposición a la lengua propia de Galiza y poder desarrollar así su competencia.

RECURSOS EN GALLEGO

En el mercado se pueden encontrar numerosas publicaciones en gallego para el público infantil, generalmente clasificadas en función de la edad. De todos modos, aun considerando la facilidad para obtener libros escritos en gallego, la biblioteca del centro escolar y las bibliotecas municipales constituyen un valioso servicio gratuito. Además, el programa APEGO, creado para fomentar y mejorar la transmisión del gallego como Lengua inicial, ofrece una gran variedad de actividades culturales en lengua gallega durante todo el año. Los ayuntamientos más próximos que ofrecen el programa Apego son Arnes, Teo y Santiago de Compostela.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN Y DINAMIZACIÓN DE LA LENGUA GALLEGA

PIPOCAS

A plataforma da Mesa pola Normalización Lingüística para descubrir todos as series e filmes que están dobrados ou lexendados a lingua galega.

A MESA

GUÍA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA O MONITORADO

GUÍA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA O MONITORADO

A diversidade lingüística e cultural constitúe un patrimonio inmaterial universal que debemos coidar, preservar e proxectar cara o futuro

1. AS ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES: ESPAZOS SEGUROS PARA O GALEGO

A avaliación sociolingüística realizada na CPI Orza Couto achega datos preocupantes sobre o uso do galego, que deixou de ser lingua maioritaria entre o alumnado, e pon de manifesto a necesidade urxente de actuacións que garantan o seu dereito a ser competentes en ambas as linguas oficiais, revertendo o proceso de desgaleguización. Esta muda non é unha escolla individual, débese á presión dun medio maiormente castelanfalante no que aínda perduran prexuízos cara as persoas que falan galego. As actividades extra-escolares son espazos chave para reequilibrarmos a situación e, como monitor/a, podes ser un referente neste novo paradigma de respecto e defensa da diversidade lingüística e cultural.

2. GALEGO: LINGUA VEHICULAR DAS ACTIVIDADES

Contribuíndo adquirir a lingua

Os contextos lúdicos son moi favorábeis para desenvolver o rexistro informal da lingua e para mellorar a competencia con recursos audio-visuais e bibliográficos en galego.

Dinamizando o galego

- Sodes referentes lingüísticas.
- Acompaña e anima a usar o galego, con correccións indirectas para non desmatar. Ex. repetindo o dito correctamente.

Eliminando prexuízos

- Consolidando o galego como lingua normalizada nos espazos lúdicos-educ.
- Vivindo calquera tipo de acoso lingüístico -mofas- por falar galego.
- Evitando un trata comunicativo diferente co alumnado migrante.

3. NA PROGRAMACIÓN E NAS ACTIVIDADES

- Todas as actividades deben ter como obxectivo transversal fomentar o uso da lingua.
- Escoller e adaptar recursos en galego (xogos, cancións, etc) de calidade e atractivos para nenos e nenas.
- Estar alerta ante posibles conflitos lingüísticos entre o alumnado e aprobeitalos para desmontar prexuízos.

4. COIDAR AS PRÁCTICAS LINGÜÍSTICAS PROPIAS

- As persoas adultas somos referentes éticas a través dos nosos actos: non perdamos de vista a importancia disto no noso labor.
- Debemos utilizar sempre o galego, sexa ou non a lingua maioritaria: entre as persoas adultas, cando nos diriximos ao grupo ou a unha nena/o en particular. Por exemplo: nas indicacións, nas brincadeiras, nos aloumiños, etc.

5. COÑECER MELLOR AS CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS DO ALUMNADO

- O galego está moito máis presente nas familias de Boqueixón do que podemos pensar.
- Que unha alumna/o non fale galego na escola non quere dicir que non o faga na casa. Hai máis alumnado galegofalante do que vemos.
- A xente que chega de fóra ao noso País tamén ten dereito a aprender o galego. Fomentémolo!

6. VALORAR O NOSO TRABALLO

Os servizos complementarios de Educación contribúen ao proceso educativo e iso leva consigo unha grande responsabilidade. O persoal destes servizos educamos e somos un modelo de comportamento.

Para este traballo, precisamos ter as competencias necesarias en lingua galega. Mais tamén, como profesionais da educación debemos reflexionar sobre as consecuencias das nosas actuacións, non participar de prexuízos e contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas cara á diversidade lingüística e nomeadamente á lingua que nos cohesiona e que nos identifica como galegos e galegas

As recomendacións deste texto fundámentanse nas achegas do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, do Concello de Ames e dos centros educativos deste Concello.


EQUIPA DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CPIP A. ORZA COUTO

PROXECTO DE INNOVACIÓN: MUSIGALIZA-TE

Musigaliza-te

Proxecto interdisciplinario de Aprendizaxe-Servizo para a normalización lingüística e a dinamización socio-cultural a través do patrimonio musical galego


Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega
CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto



CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Musigaliza-te é un proxecto de aprendizaxe-servizo orientado, global e interdisciplinariamente, aos diversos axentes da comunidade educativa do noso CPI (alumnado, profesorado, familias e persoal da administración e servizos) para contribuír positivamente á normalización da lingua galega e á dinamización socio-cultural a través do estudo e difusión do patrimonio musical galego.



PROXECTO DE INNOVACIÓN: MUSIGALIZA-TE

≡ MUSIGALIZA-TE



1 QUEN SOMOS?

Somos Musigaliza-te, un grupo de nenas/os do C.P.I Antonio Orza Couto que quere promover a música galega



2 QUE QUEREMOS FACER?

Promover a música galega para que se escoite tanto como as demais.



3 COMO?

Facemos : listaxes de reprodución, enquisas sobre gostos musicais, entrevistas a bandas galegas, opinións e listaxes musicais para imprimir, ademais de divulgar o traballo das asociacións de música tradicional e das bandas da nosa comarca



4 ONDE ENCONTRARNOS?

MUSIGALIZA-TE.BLOGSPOT.COM/



5 COLABORA

Envía a túa colaboración a endlorzacouto@gmail.com



PROXECTO DE INNOVACIÓN: MUSIGALIZA-TE



Conformación do grupo de música tradicional: “As bulideiras”



Elaboración do proxecto na sala de informática

PROXECTO DE INNOVACIÓN: MUSIGALIZA-TE

MUSIGALIZANDO
REGGATON

OS MELLORES TEMAS

-  **ELA NAMOROUME**
ESTEBAN E MANUEL
-  **ALGO QUE NON SEXA**
VERTO TEMAZOS
-  **REGGATON Á GALEGA**
LOS JINETES DEL TROPICO
-  **BERTOLINA**
PARAMO PICTURES
-  **QUE NOS PILLE REBOLANDO**
AQUELE
-  **CORAZÓN DE TOXO**
ROTCE-TEMA
-  **O MARMURAR**
BERTO MUSICA

CLUBE DA LINGUA

Buscar neste blog
Buscar neste blo:

Buscar

Páxinas

- Inicio
- Quen somos?
- Listaxe de reprodución en youtube
- Enquisa sobre gustos musicais
- Entrevistas a bandas galegas
- Opinión
- As nosas músicas
- Listaxes musicais para imprimir
- Fundamentación pedagóxica do proxecto
- Enquisas sociolingüísticas

pqp
MUSIGALIZANDO
NOVEMBRO POP



OS MELLORES TEMAS

- 14  **A BANDA DA LOBA**
FÁBRICA DE LUZ
66 MIL VISUALIZACIÓNS
- 15  **FILLAS DE CASSANDRA**
II LISISTRATA
8,7 MIL VISUALIZACIÓNS
- 16  **SABELA**
DESPEDIDA
532 MIL VISUALIZACIÓNS
- 17  **GUADI GALEGO**
MATRIARCAS
588 MIL VISUALIZACIÓNS
- 18  **CAXADE**
E ISTO É AMOR
68 MIL VISUALIZACIÓNS
- 19  **VERTO**
OIE GAYEGO!
185 MIL VISUALIZACIÓNS
- 20  **XOEL LÓPEZ - BAIUCA**
PAXARO DO DEMO
16,5 MIL VISUALIZACIÓNS

CLUBE DA LINGUA

Día de Rosalía de Castro / 23 de febreiro

- Xogo de pistas para Infantil e Primaria
- Actividades para Secundaria
- Marcapáxinas con recursos educativos e lúdicos para todas as etapas



Día de Rosalía: exposición para Secundaria e actividades



Mostra itinerante

ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

No 125 aniversario do seu pasamento

NA EXPOSICIÓN...
REFLEXIONAMOS!

Actividades

1) Le atentamente o seguinte texto:

"Eran as seis da tarde. Á entrada, fronte ao peirao, cruzáronse un galeón de pesca que ía coa súa inmensa á de liño tendida sobre as augas, e un xigantesco "steamer" trasatlántico coa súa hélice a media máquina. O galeón ía á captura da pescada mar adentro, en longa e perigosa viaxe, cuxa duración non excedería de vinte e catro horas. O "steamer" viña de Buenos Aires, traendo a bordo unhas cantas ducias de galegos que tornaban da emigración voluntaria imposta pola fame...

Ao se cruzaren saudáronse na entrada da ría os que hai anos non vían as costas de Galiza e os que viven nelas; uns van e outros voltan, tendendo desde Vigo ás ricas repúblicas sudamericanas un cordón de traballo e esperanzas...


O galego non emigra por pracer, malia o exemplo que lle dan os que voltan ricos de América; emigra por necesidade. Cando chega o caso de que na dilatada familia sobra un, o máis forte decídese; xunta os 40 ou 50 pesos que lle custa o frete, merca unha arca de piñeiro pintada de cor escura, e lévaa baleira. O seu propósito é traela chea!"

(José Ortega Munilla. *El Faro de Vigo*, 1885).

Día de Rosalía / Murais “Pop art”



DÍA DAS LETRAS GALEGAS: FRANCISCO FERNÁNDEZ DO REGO



- Obradoiro de edición de libros
- Exposición do autor en Primaria e Secundaria



PROXECCIÓN FRASES DE F. F. DO REGO

“

Aspiramos a crear unha vida universitaria autenticamente galega. Desexamos que se estuden os problemas xerais tendo en conta que os que estudan son galegos. En resumo, a nosa loita constante e ininterrompida no futuro debe ser tender sempre á conquista para a Galeguización* da Universidade.

A universidade galega ante o momento actual,
Francisco Fernández del Riego

”

* Acción e efecto de galeguizar ou galeguizarse.



LETRAS GALEGAS 2023

“

Con [Ánxel] Casal xuntabámonos os devanditos mozos, pobres coma el, pero ricos en soños* e enerxías. Iamos cotianamente a cheirar a tinta de imprenta, a ollar como andaban a xurdir os traballos que facía para o Seminario de Estudos Galegos, as páxinas da revista *Nós* ou os libros que, na nosa lingua, escribían os autores galegos máis queridos.

Ánxel Casal e o libro galego, Francisco Fernández del Riego

”

*Soño Aquilo ao que un aspira ou que un desexa moito. Aquilo que un imaxina durante o sono, percibíndoo coma se fose real.



LETRAS GALEGAS 2023

EXPOSICIÓN EN SECUNDARIA DE F. F. DO REGO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023

O BERCE DE DEL RIEGO

Benqueridas amigas e amigos!

Son Ramón Sanfiz, o protagonista do libro Galecia de Francisco Fernández del Riego; nesta obra, guíabe uns viaxeiros polo país. Imos descubrir as claves biográficas e creativas deste autor e construír xuntos un itinerario que vos convida a percorrer. Benvidas, benvidos!

O meu amigo Fernández del Riego veu ao mundo o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Primoxénito dunha extensa familia -tivo seis irmáns e catro irmás-, formábase na súa vila natal ata que se examina en Lugo do bacharelato elemental, para despois estudar no Colexio dos Escolapios en Monforte de Lemos de 1927 a 1930. É entón cando aproba a revalida con excelentes cualificacións e ingresa na Universidade.

Son estes os anos nos que se disciplina na lectura e nos estudos, ademais de participar, coma un máis, nos xogos e divertimentos propios da mocidade da súa época.

Ramón Sanfiz fálanos



Francisco Fernández del Riego

-1-

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023

OS ANOS DE FORMACIÓN

Matricúlase en Madrid na Facultade de Dereito. Alí comprométese coas loitas estudiantís da época, afíliase á Federación Universitaria Escolar (FUE) e vive de primeira man a instauración da República. Acaba o curso e retorna a Vilanova. O 25 de xullo de 1931, pronuncia a súa primeira proclama galeguista na vila natal.

Os pais deciden trasladar a casa a Compostela para que todos os fillos e fillas gocen da posibilidade de formarse alí. Francisco continúa os estudos de Dereito e en 1933 dita, en representación do alumnado, o discurso de inauguración do ano lectivo, no que reclama a galeguización do ensino universitario.

Nestes anos, incorpórase á loita galeguista con inequívoca convicción. Participa nas actividades do Seminario de Estudos Galegos e na asociación Ultrreya, milita no Partido Galeguista e nas Mocidades Galeguistas, intervéen en mítins e forma parte da comisión de propaganda do Escaturo de autonomía. Alén diso, frecuenta a editorial Nós, dirixida por Anxel Casal, colabora nas revistas Nós Ser ou Aleixo e dirixe Universitarios e A Rosa Terra. En 1934, ingresa como profesor axudante de Dereito na Universidade de Santiago.

Del Riego díxome unha vez: "Eramos mozos agresivos na crítica, radicais nas negacións, rebeldes". Non mental!

dos sociais biográficos e vitais



Francisco Fernández del Riego

-2-

CORRELINGUA 2023



CORRELINGUA 2023: REGUEIFA COLECTIVA



PRESENTACIÓN DO LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA. CARLOS CALLÓN



II CONCURSO HUMORÍSTICO: BRINCADEIRAS PARA ESCACHAR COA RISA



II CONCURSO HUMORÍSTICO

PREPARA OS TEUS MELLORES CHISTES E MONÓLOGOS

BRINCADEIRAS PARA ESCACHAR COA RISA

CPI ANTONIO ORZA COUTO



BASES DO CONCURSO

PRESENTACIÓN

Neste concurso humorístico poderás contar as túas mellores historias, os chistes mais graciosos e as ocorrencias máis cómicas da túa temática preferida, en galego. Todo isto cun só obxectivo: facer que as/os espectadoras/es escachen coa risa! Para iso, terás que gravar un vídeo seguindo as instrucións da túa categoría de participación e enviálo anexo mediante correo electrónico. Somos un pobo de artistas!

CATEGORÍAS

INFANTIL

Conta un chiste gracioso → Pídelle a un adulto que o grave → Envíalo por correo electrónico

💡 Temática libre ⌚ Máximo 1 minuto ✉ endlorzacouto@gmail.com

PRIMARIA

Conta varios chistes graciosos → Pídelle a un amigo/a que o grave → Envíalo por correo electrónico

💡 Temática libre ⌚ Máximo 5 minutos ✉ endlorzacouto@gmail.com

SECUNDARIA

Conta un monólogo humorístico → Pídelle a un amigo/a que o grave → Envíalo por correo electrónico

💡 Temática libre ⌚ Máximo 10 minutos ✉ endlorzacouto@gmail.com

PREMIOS

Cesta de produtos culturais galegos por valor de 30 €

PRAZO

Até a segunda feira -luns-, 17 de abril

As brincadeiras non poderán ser de carácter machista, racista, homófobo ou denotar calquera outro tipo de discriminación

II CONCURSO HUMORÍSTICO: BRINCADEIRAS PARA ESCACHAR COA RISA



FORMACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA PARA FAMILIAS, PROFESORADO E MONITORADO



No acto foron presentados os datos correspondentes á avaliación sociolingüística. A seguir, interveu a Prof. Mariló Candedo para realizar unha avaliación do modelo plurilingüe substractivo actual, así como para achegar propostas específicas dirixidas ao profesorado. Posteriormente, realizou a súa presentación a Dra. María Sández para desenvolver o modelo plurilingüe inclusivo, dando orientacións específicas ao monitorado e familias, nomeadamente ás que interveñen nos servizos de carácter complementar. Finalmente, houbo un coloquio no que se realizaron achegas ou preguntas.

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA CANTINA

Proxecto de dinamización lingüística na cantina

- 1**
Mantemos o uso do galego
Os adultos de referencia manteñen o uso do galego co aluminado, con independencia da lingua que este estea a usar. Se houbera dificultades de comprensión, utilizamos inputs visuais. Ex: utilizamos a culleriña - sinaládoa -.
- 2**
Aprendemos vocabulario
O galego podece unha forte interferencia do castelán a nivel lexical. Precisamos depurato e, con este fin, haberá tarxetas con vocabulario relacionadas co momento do xantar. É unha oportunidade para aprender tod@s!
- 3**
Favorecemos habilidades sociais
O momento do xantar é ideal para aprender expresións como: dar as grazas, desexar "bo proveito", cumprimentar ou parabenizar alguén no día do seu aniversario.
- 4**
Divulgamos as comidas do día
Ao longo do día realizamos varias comidas. Coñecemos polo seu nome, favorecendo a orientación temporal dos miad@s, así como a mellora da súa capacidade expresiva oral.
- 5**
Relaxación musical ecolóxica
Na cantina aprendemos a comer comida saudable. A música é outro tipo de alimento, neste caso para o corazón. Escollemos música en galego que transmita valores positivos para as novas xeracións.

De cara ao vindeiro ano académico planificouse un proxecto de dinamización lingüística no comedor escolar cos seguintes puntos:

- Usos lingüísticos
- Vocabulario
- Habilidades sociais
- As comidas do día
- Música galega